

## PLENO

ACTA 2019/02 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 12/03/2019

No salón de actos do Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa , ás 09:30 horas, coa asistencia de:

- 1 Mirás Franqueira, Manuel – alcalde – (PSdeG-PSOE).
- 2 Leira Piñeiro, Antonio (PSdeG-PSOE)
- 3 Veiras Rey, Eduardo (PSdeG-PSOE)
- 4 Liste Raña, María del Carmen (PSdeG-PSOE)
- 5 Boo Martínez, Vanesa (PSdeG-PSOE)
- 6 Rodeiro Fernández, Beatriz (PSdeG-PSOE)
- 7 Rey Villaverde, Luís (PSdeG-PSOE)
- 8 Doval Expósito, Alexander (PP)
- 9 Mosquera Boo, José Carlos (PP).
- 10 Mirás Liñares, Manuel Siverio (SON – ANOVA)
- 11 Diego Boquete Sánchez ( BNG).

Actúa como secretario do Pleno, o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo, e asiste igualmente o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo. Non asiste de xeito xustificado D<sup>a</sup>. Josefina Iglesias Blanco (PP) e D<sup>a</sup>. Silvia Suárez García (PP).

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

#### I PARTE RESOLUTORIA

- 1 Aprobado se procede e previa ratificación da súa inclusión na orde do día, a ratificación 167 do 13/02/2019 pola que se acorda renunciar a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes ao abeiro da Convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2019), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2019.

O alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

#### I PARTE RESOLUTORIA

**1.-Aprobado se procede e previa ratificación da súa inclusión na orde do día, a ratificación 167 do 13/02/2019 pola que se acorda renunciar a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes ao abeiro da Convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2019), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de**

## PLENO

### **normalización lingüística (SNL) de 2019.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen sinala que se trata dun punto que tiña que traerse a pleno antes do pleno ordinario para que a Mancomunidade poida solicitar en prazo a subvención para a contratación de normalizador lingüístico.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen sinala que na proposta de acordo do ano anterior se facía referencia a que se ía solicitar individualmente polo Concello esta subvención e neste ano non se fai referencia polo que querería preguntar si o Concello a vai a solicitar ao marxe da Mancomunidade.

O Sr. Alcalde responde que precisamente por iso se fai este pleno, porque nolo pediu a Mancomunidade para poder cumprir cos requisitos e que poidan solicitar eles a subvención e nos tamén a imos solicitar.

Seguidamente non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a ratificación da inclusión na orde do día do punto e o Pleno por:

Votos a favor: dez ( 7 do PSdeG-PSOE; 2 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ),

Abstencións: unha ( 1 de SON – ANOVA) aproba ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

Seguidamente e logo de ver a proposta de acordo que di:

“CONSIDERANDO que con data 04.03.2019 recibíuse a través da plataforma subtel da Deputación Provincial da Coruña requirimento de documentación para subsanar a solicitude de subvención efectuada polo concello de Oroso ao abeiro da convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2019), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2019, publicadas no BOP nº 7 do 10 de xaneiro de 2019, consistente en que debe presentar acordo do Pleno do Concello de Oroso no que conste a renuncia a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes ao abeiro da Convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2019), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2019.

TENDO EN CONTA que o prazo concedido para subsanar dita deficiencia é de dez días contados a partir da recepción do requirimento.

TENDO EN CONTA que por Resolución de Alcaldía nº167/2019 do 13.02.2019 acordouse renunciar a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes ao abeiro da Convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2019), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2019.

TENDO EN CONTA que en cumprimento do disposto no artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o expediente deberá ser previamente estudado pola Comisión informativa de asuntos do Pleno.

## PLENO

TENDO EN CONTA as atribucións que me confire o artigo 21da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, en relación co artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propono ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión informativa de asuntos do Pleno:

**PRIMEIRO.-** RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 167 do 13.02.2019 que transcrita literalmente di:

*“LOGO DE VER as bases específicas reguladoras da convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2019), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2019, publicadas no BOP nº 7 do 10 de xaneiro de 2019.*

*De conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.- Renunciar a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes ao abeiro da Convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2019), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2019.*

*SEGUNDO.-Dar traslado desta Resolución á Deputación Provincial da Coruña e á Mancomunidade de municipios de Ordes.*

*TERCEIRO.- RATIFICAR esta Resolución no Pleno na seguinte sesión que se celebre.”*

**SEGUNDO.- DAR TRASLADO** deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: dez ( 7 do PSdeG-PSOE; 2 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ),

Abstencións: unha ( 1 de SON – ANOVA) adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 167 do 13.02.2019 que transcrita literalmente di:

*“LOGO DE VER as bases específicas reguladoras da convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2019), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2019, publicadas no BOP nº 7 do 10 de xaneiro*

## PLENO

de 2019.

*De conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.- Renunciar a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes ao abeiro da Convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2019), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2019.*

*SEGUNDO.-Dar traslado desta Resolución á Deputación Provincial da Coruña e á Mancomunidade de municipios de Ordes.*

*TERCEIRO.- RATIFICAR esta Resolución no Pleno na seguinte sesión que se celebre.”*

**SEGUNDO.- DAR TRASLADO** deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 09:39 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario dou fe, asinado dixitalmente por ambos.

O Alcalde – Presidente.

O Secretario.

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo.